

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

4520 *Real decreto 319/2015, do 24 de abril, sobre declaracións obrigatorias que deben efectuar os primeiros compradores e produtores de leite e produtos lácteos de vaca, ovella e cabra.*

O Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se crea a organización común de mercados dos produtos agrarios e polo que se derrogan os regulamentos (CEE) n.º 922/72, (CEE) n.º 234/79, (CE) n.º 1307/2001 e (CE) n.º 1234/2007, establece a obrigatoriedade, para os primeiros compradores, de declarar mensualmente ante a autoridade competente a cantidade de leite cru que lles fose entregada no mes anterior.

A Comisión Europea debe ter en conta os sinais do mercado para a adopción de decisións e, para isto, necesita dispoñer de información sobre os volumes de leite entregados, polo que cómpre adoptar unha disposición para garantir que os primeiros compradores comunican periodicamente esta información aos Estados membros e que estes informan ao respecto a Comisión.

O sistema de declaracións mensuais, ligado á obrigatoriedade dos contratos entre os primeiros compradores e os produtores no sector lácteo, de conformidade co Real decreto 1363/2012, do 28 de setembro, polo que se regula o recoñecemento das organizacións de produtores de leite e das organizacións interprofesionais no sector lácteo e se establecen as súas condicións de contratación, permite dotar dunha maior transparencia o sector, dispoñer de información acerca da evolución do mercado, realizar análises do sector nun curto espazo de tempo, así como servir de apoio para a xestión e o control das axudas directas aos agricultores no marco da política agrícola común; para garantir que todo o leite producido polos gandeiros é declarado, establécense as declaracións anuais para os gandeiros que comercializan leite ou produtos lácteos directamente ao consumidor (venta directa).

A obrigatoriedade destas declaracións xa está establecida na actual normativa nacional para o sector vacún. No que respecta aos primeiros compradores de leite e produtos lácteos de vaca, tal obriga está regulada no Real decreto 754/2005, do 24 de xuño, polo que se regula o réxime da taxa láctea. No que se refire a primeiros compradores de leite e produtos lácteos de ovella e cabra, esta obriga establécense no Real decreto 115/2013, do 15 de febreiro, sobre declaracións que deben efectuar os compradores e produtores de leite e produtos lácteos de ovella e de cabra.

A desaparición das cotas lácteas permite que este sistema de declaracións se poida regular dunha maneira homoxénea para todo o sector lácteo. Esta regulación conxunta contribúe á simplificación e á unificación de todas as declaracións neste ámbito.

Mediante este real decreto créase un sistema unificado de información no sector lácteo, que incluírá un rexistro dos primeiros compradores, a información de todos os contratos entre os primeiros compradores e produtores no sector lácteo de conformidade co Real decreto 1363/2012, do 28 de setembro, así como a información das declaracións obrigatorias de entregas, reguladas neste real decreto.

Con obxecto de dispoñer de información da totalidade do leite cru comercializado en España, tamén son obrigados os produtores en réxime de venda directa, por destinaren directamente ao consumidor toda ou parte da súa produción ou por elaboraren e venderen os produtos lácteos na propia explotación, a subministraren a información anual referente ás cantidades producidas na súa explotación.

Cómpre coordinar a actividade da Administración xeral do Estado e dos órganos competentes das comunidades autónomas mediante unha disposición que estableza os

datos mínimos que deben conter as declaracións mensuais para poder dispoñer dunha información homoxénea no territorio do Estado.

O sistema unificado de información no sector lácteo quedará adscrito ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, que será o responsable do seu funcionamento coordinado. Este, en colaboración coas comunidades autónomas, establecerá os protocolos técnicos necesarios para o correcto funcionamento do sistema.

O primeiro comprador, ou o produtor en caso de venda directa, é responsable do mantemento debidamente actualizado dos datos que se conteñen e da súa veracidade e exactitude.

O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente utilizará a información contida no sistema para o envío á Comisión Europea de toda a información que exixa a normativa comunitaria en materia de monitorización dos mercados do leite.

As autoridades competentes poderán establecer os seus sistemas informáticos de tal modo que os compradores poidan realizar as súas declaracións conforme o establecido neste real decreto.

O Sistema unificado de información do sector lácteo será accesible a todos os órganos competentes do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e das comunidades autónomas, así como a produtores e primeiros compradores, para a información que lles compete e sen prexuízo da normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

O réxime sancionador en materia de declaracións obrigatorias no sector lácteo, xunto cunha modificación do existente en materia de contratación obrigatoria, está previsto na disposición adicional sétima do Proxecto de lei de denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas de ámbito territorial supraautonómico, actualmente en avanzada tramitación.

Na elaboración deste real decreto foron consultas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 24 de abril de 2015,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

O presente real decreto ten por obxecto:

a) Regular o sistema de declaracións obrigatorias que deben efectuar:

i. Os primeiros compradores de leite cru de vaca, ovella ou cabra en desenvolvemento do disposto no artigo 151 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se crea a organización común de mercados dos produtos agrarios e polo que se derrogan os regulamentos (CEE) n.º 922/72, (CEE) n.º 234/79, (CE) n.º 1307/2001 e (CE) n.º 1234/2007.

ii. Os produtores de leite cru e produtos lácteos de vaca, ovella e cabra en España que destinen directamente ao consumidor toda ou parte da súa produción ou elaboren produtos lácteos na explotación.

b) Desenvolver o Sistema unificado de información do sector lácteo.

Artigo 2. *Definicións.*

Para efectos do presente real decreto entenderase como:

a) Leite cru: o leite de vaca, ovella ou cabra que non fose quentado a unha temperatura superior a 40 °C nin sometido a un tratamento de efecto equivalente.

b) Produtor: toda persoa física ou xurídica ou todo grupo destas que produza e comercialice leite cru de vaca, ovella ou cabra directamente ao primeiro comprador ou realice vendas directas desde a súa explotación aos consumidores de leite ou de produtos lácteos de vaca, ovella ou cabra.

c) Equivalencias peso/volume do leite: para efectos de determinación en unidades de volume dos distintos tipos de leite empregárase a equivalencia peso/volume seguinte:

- 1.º Para o leite de vaca: 1,030 quilogramos = 1 litro.
- 2.º Para o leite de ovella: 1,036 quilogramos = 1 litro.
- 3.º Para o leite de cabra: 1,032 quilogramos = 1 litro.

d) Primeiro comprador: toda persoa física ou xurídica ou grupo destas que compra leite cru a produtores de vaca, ovella e cabra para:

- 1.º Sometelo a recollida, envasado, almacenamento, refrixeración ou transformación, aínda que o faga por conta dun terceiro, ou
- 2.º Vendelo a unha ou varias empresas que traten ou transformen leite ou outros produtos lácteos.

Terán a consideración de primeiro comprador, para efectos das declaracións mensuais obrigatorias, as cooperativas gandeiras e as sociedades agrarias de transformación que comercialicen o leite dos seus socios por mandato, que deberán estar rexistradas de acordo co establecido no artigo 4.

Artigo 3. *Sistema unificado de información do sector lácteo.*

1. Créase o Sistema unificado de información do sector lácteo (Infolac), que contén:

- a) O rexistro de todos os primeiros compradores que operan no sector lácteo en España.
- b) A información de todos os contratos entre os primeiros compradores e produtores no sector lácteo de conformidade co Real decreto 1363/2012, do 28 de setembro, polo que se regula o recoñecemento das organizacións de produtores de leite e das organizacións interprofesionais no sector lácteo e se establecen as súas condicións de contratación, e
- c) A información das declaracións obrigatorias de leite de conformidade co presente real decreto.

2. O Sistema unificado de información do sector lácteo quedará adscrito ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, que será o responsable do seu funcionamento coordinado, e será xestionado de forma descentralizada polas comunidades autónomas, na forma prevista no presente real decreto.

3. O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, en colaboración coas comunidades autónomas, actualizará os protocolos técnicos necesarios para o correcto funcionamento das aplicacións informáticas.

Artigo 4. *Rexistro de primeiros compradores.*

1. Todos os primeiros compradores de leite de vaca, ovella e cabra deberán estar inscritos no Rexistro de Compradores establecido para o efecto e que formará parte do sistema de información establecido no artigo 3.

A inscrición será realizada pola autoridade competente da comunidade autónoma en que estea situada a sede da efectiva dirección do comprador.

2. A inscrición realizarase mediante a remisión á autoridade competente da comunidade autónoma da solicitude de inscrición no rexistro antes do inicio da actividade, que conterá como mínimo os datos incluídos no anexo I.

3. Á solicitude de inscrición xuntaráselle a seguinte documentación:

1.º Documento acreditativo do número de identificación fiscal do comprador, expedido para a súa constancia pola Administración tributaria ou, en caso de persoas físicas, o documento de identidade e autorización para a súa verificación no servizo de verificación e consulta de datos do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

2.º Documento acreditativo do número de identificación fiscal do representante legal ou voluntario expedido para a súa constancia pola Administración tributaria ou, en caso de persoas físicas, o documento de identidade e a autorización para a súa verificación no servizo de verificación e consulta de datos do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

3.º Certificado de alta no Censo de empresarios, profesionais e retedores nas epígrafes relativas a explotacións gandeiras de bovino, ovino ou cabrún, industrias lácteas ou comercialización de leite ou produtos lácteos que correspondan, de acordo coa codificación de actividade contida nas tarifas do imposto de actividades económicas.

4.º No caso das sociedades incluídas no ámbito do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado mediante o Real decreto lexislativo 1/2010, do 2 de xullo: fotocopia compulsada, ou con carácter de auténtica, da escritura de constitución e das súas modificacións, e certificado actualizado do Rexistro Mercantil de todos os asentos efectuados á entidade.

5.º No caso de cooperativas, certificado emitido polo Rexistro Oficial de Cooperativas que recolla todos os movementos rexistrados e a composición actualizada do consello reitor ou, de ser o caso, certificado emitido polo presidente do consello reitor que recolla a súa composición actualizada, así como orixinal, ou copia con carácter de auténtica, dos seus estatutos.

6.º No caso das cooperativas ás cales lles sexa de aplicación a excepción recollida no artigo 12 do Real decreto 1363/2012, os estatutos ou os acordos da cooperativa onde se conteñan os elementos obrigatorios que debe ter o contrato.

7.º No caso doutras persoas xurídicas, distintas das anteriores, certificado emitido polo órgano reitor, ou persoa reitora delas, que recolla a composición actualizada de membros, socios ou compoñentes da entidade, e a composición actualizada do órgano reitor se non é unipersoal, así como orixinal, ou copia co carácter de auténtica, dos seus estatutos ou do documento fundacional da entidade.

8.º Certificado de estar ao día de todas as obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

4. A autoridade competente da comunidade autónoma inscribirá no correspondente rexistro as solicitudes en que figuren todos os datos cubertos coa documentación relacionada no punto anterior.

5. A autoridade competente remitirá ao comprador, unha vez inscrito, as claves de acceso ao sistema de información establecido en virtude do artigo 3 para cubrir as declaracións mensuais obrigatorias de entregas de leite e do rexistro de contratos.

6. Todos aqueles primeiros compradores de leite de vaca, ovella e cabra que xa estivesen inscritos como tales operadores polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente en 31 de marzo de 2015 quedarán automaticamente incorporados ao novo rexistro de compradores.

Os primeiros compradores que inicien a súa actividade con posterioridade ao 31 de marzo de 2015 deberán darse de alta neste rexistro de compradores; para isto solicitarán a inscrición de acordo co previsto nos números 2 e 3.

7. Calquera modificación nos datos subministrados para a inscrición no rexistro deberán ser comunicados á autoridade competente no prazo máximo dos quince días seguintes tras a súa modificación.

8. O primeiro comprador xa inscrito que cese na actividade deberá instar a baixa no rexistro. Así mesmo, esta poderase practicar de oficio, logo de notificación ao interesado, por inactividade durante un ano natural.

Artigo 5. *Declaración de contratos.*

1. Todos os contratos formalizados entre primeiros compradores e produtores deberán ser rexistrados no sistema informático previsto no artigo 3, nas condicións previstas e respectando o prazo establecido no artigo 16 do Real decreto 1363/2012, do 28 de setembro, e sempre antes de comezar a entrega do leite obxecto do contrato.

2. O sistema informático asignará automaticamente, unha vez gravado o contrato ou o acordo cooperativo ou asociativo, un código identificativo destes.

Artigo 6. *Declaracións obrigatorias de entregas e vendas directas de leite.*

1. Todos os primeiros compradores de leite cru de vaca, ovella e cabra deberán presentar, nos primeiros vinte días do mes, a declaración, mediante os procedementos informáticos establecidos para o efecto, onde se contabilicen todas as cantidades de leite cru subministrado polos produtores no mes inmediatamente anterior, mesmo no suposto de non ter realizado entregas; neste caso, a cantidade reflectida será «0».

2. Esta declaración conterá, polo menos, a información establecida nos anexos II, III e IV.

3. Para efectos de cubrir os citados anexos, utilizaranse as equivalencias peso/volume da leite establecidas no artigo 2 deste real decreto.

4. Todas as entregas de leite deberán estar vinculadas a un contrato, rexistrado de conformidade co establecido no artigo 5 do presente real decreto, e deberase facer constar na declaración o código identificativo do contrato a que se fai referencia no artigo 5.5.

5. Os produtores que destinen directamente ao consumidor toda ou parte da súa produción ou elaboren produtos lácteos de vaca, ovella ou cabra na explotación (venta directa) quedan obrigados a incorporar, nos primeiros vinte días do mes de xaneiro do ano seguinte, unha declaración anual por cada unha das especies, se é o caso, mediante os procedementos informáticos establecidos para o efecto ou por algún dos medios previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou mediante os procedementos que para tal fin sexan establecidos polo órgano competente, onde se contabilizarán as cantidades de leite producidas na explotación no ano natural inmediatamente anterior que se destinasen á venda directa. Esta declaración conterá, polo menos, a información establecida no anexo V.

6. Os órganos competentes das comunidades autónomas poñerán á disposición do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, a través da aplicación informática establecida, a información contida nas declaracións a que se refiren os puntos anteriores co contido e formato que se dispoña para o efecto.

7. Os primeiros compradores e produtores deberán conservar todos os documentos xustificativos das entregas correspondentes a un ano natural durante, polo menos, dous anos contados a partir do final do ano a que correspondan. Esta documentación estará á disposición da autoridade competente e deberá remitírselle cando esta o solicite co fin de comprobar a veracidade da información contida no sistema.

8. O Fondo Español de Garantía Agraria comunicará á Comisión Europea os datos de entregas mensuais de leite de vaca antes do día 25 do mes seguinte a aquel a que estean referidas.

Artigo 7. *Plan de control.*

1. O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente coordinará coas comunidades autónomas, a través do órgano de coordinación correspondente, a elaboración dun plan de control, do cal poderán ser obxecto todos os primeiros compradores de leite cru de vaca, ovella ou cabra e os produtores.

Os órganos competentes das comunidades autónomas realizarán os controis oficiais aos produtores e primeiros compradores, cuxas explotacións ou sede da efectiva dirección, respectivamente, estean situadas no seu territorio.

2. Os órganos competentes das comunidades autónomas remitirán a información sobre o resultado dos controis oficiais realizados ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente polo sistema establecido para o efecto.

Artigo 8. *Réxime sancionador.*

1. As infraccións contra o disposto no presente real decreto sancionaranse de conformidade coa norma que con rango de lei regule o réxime sancionador en materia de declaracións obrigatorias e de contratos no sector do leite e dos produtos lácteos, sen prexuízo das responsabilidades civís, penais ou doutra índole que poidan concorrer.

2. A autoridade competente será a prevista no artigo 26, números 1 e 2, da Lei 12/2013, do 2 de agosto, de medidas para mellorar o funcionamento da cadea alimentaria; e, en materia de declaracións obrigatorias, será o órgano competente para o efecto da comunidade autónoma en que se presentou a solicitude a que se refire o artigo 4.

Disposición adicional única. *Contención do gasto.*

As medidas incluídas neste real decreto serán atendidas coas dotacións orzamentarias existentes, e non poderán supoñer incremento de dotacións nin de retribucións nin doutros gastos de persoal.

Disposición transitoria primeira. *Taxa láctea.*

Non obstante o previsto na disposición derogatoria única, o Real decreto 754/2005, do 24 de xuño, polo que se regula o réxime da taxa láctea, será de aplicación no que non se opoña ao presente real decreto ata o remate das actuacións de xestión, control, liquidación, pagamento e recadación, relativas ao período de taxa láctea 2014-2015.

Disposición transitoria segunda. *Declaracións obrigatorias de leite.*

1. Non obstante o previsto na disposición derogatoria única, mentres non se encontre operativo o Sistema unificado de información do sector lácteo establecido no artigo 3 será de aplicación o sistema de comunicación das declaracións de entregas establecido para vacún, ovino e cabrún nas correspondentes normas.

Comunicaráselles aos interesados a operatividade da citada base de datos, mediante a publicación dun anuncio na páxina web do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente na epígrafe sector gandeiro.

2. Os primeiros compradores de leite de ovella e cabra que realizen declaracións durante todo ou parte dos anos 2013 e 2014 deberán presentar ante a autoridade competente a documentación establecida para o efecto no artigo 4 do presente real decreto, no prazo de seis meses a partir da súa entrada en vigor.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas as seguintes normas:

a) O Real decreto 115/2013, do 15 de febreiro, sobre as declaracións que deben efectuar os compradores e produtores de leite e produtos lácteos de ovella e cabra.

b) Real decreto 754/2005, do 24 de xuño, polo que se regula o réxime da taxa láctea.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.13.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de modificación.*

Autorízase a persoa titular do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente para ditar cantas disposicións sexan necesarias para modificar os anexos e as datas contidos neste real decreto para a súa adecuación á normativa da Unión Europea.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor e aplicación.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», e será de aplicación desde o 1 de abril de 2015.

Dado en Madrid o 24 de abril de 2015.

FELIPE R.

A ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente,
ISABEL GARCÍA TEJERINA

ANEXO I

SOLICITUDE DE INSCRIPCIÓN NO REXISTRO DE COMPRADORES

COMPRADOR DE LEITE DE VACA

COMPRADOR DE LEITE DE OVELLA

COMPRADOR DE LEITE DE CABRA

Don/a:		
NIF:	Con domicilio en:	
Actuando en nome propio/en representación de:		
Con NIF:	Domicilio social en:	
Localidade:	Municipio:	
Provincia:	Código postal:	
Teléfono:	Fax:	Correo electrónico:
Con instalacións en:		
Localidade e provincia	Rúa e número	Código postal

SOLICITA: a inscrición no Rexistro de Compradores de Leite de Vaca, Ovela e Cabra a que se refire o presente real decreto, polo que se regulan as declaracións obrigatorias que deben efectuar os primeiros compradores e produtores de leite e produtos lácteos de vaca, ovela e cabra.

COMPROMÉTESE:

A manter á disposición da autoridade competente a documentación comercial e información complementaria xustificativa, durante polo menos dous anos, contados desde o final do ano a que correspondan.

A presentar nas datas regulamentarias as declaracións que se determinen.

A someterse aos controis e a facilitar todos os documentos, xustificantes e/ou datos relacionados coas entregas de leite.

DOCUMENTACIÓN QUE PRESENTA:

- Fotocopia compulsada ou co carácter de auténtica do NIF do comprador, ou autorización para a súa verificación no servizo de verificación e consulta de datos do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.
- Fotocopia compulsada ou co carácter de auténtica do NIF do representante legal ou voluntario, ou autorización para a súa verificación no servizo de verificación e consulta de datos do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.
- Fotocopia compulsada ou co carácter de auténtica do documento que acredite a representación legal ou voluntaria, se é o caso.
- Certificado de alta no imposto de actividades económicas nas epígrafes relativas a explotacións gandeiras de bovino, ovino ou cabrún, industrias lácteas ou de comercialización de leite ou de produtos lácteos.
- No caso das sociedades incluídas no ámbito do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado mediante o Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo: fotocopia compulsada, ou con carácter de auténtica, da escritura de constitución e das súas modificacións, e certificado actualizado do Rexistro Mercantil de todos os asentos efectuados á entidade.
- No caso de cooperativas, certificado emitido polo rexistro oficial de cooperativas que recolla todos os movementos rexistrados e a composición actualizada do consello reitor ou, se é o caso, certificado emitido polo presidente do consello reitor que recolla a súa composición actualizada, así como orixinal, ou copia con carácter de auténtica, dos seus estatutos.
- No caso das cooperativas ás cales sexa de aplicación a excepción recollida no artigo 12 do Real decreto 1363/2012, os estatutos ou os acordos da cooperativa onde se conteñan os elementos obrigatorios que debe ter o contrato.
- No caso doutras persoas xurídicas distintas das anteriores, certificado emitido polo órgano reitor, ou persoa reitora delas, que recolla a composición actualizada de membros, socios ou compoñentes da entidade, e a composición actualizada do órgano reitor se non é unipersoal, así como orixinal, ou copia co carácter de auténtica, dos seus estatutos ou do documento fundacional da entidade.
- Certificado de estar ao día de todas os obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

En _____ o ____ de _____ de 201_

Sinatura e selo da entidade

Autoridade competente da comunidade autónoma

ANEXO II

DECLARACIÓN MENSUAL COMPRADORES DE LEITE DE VACA

ANO: MES:

DATOS IDENTIFICATIVOS DO COMPRADOR:

DNI/NIF	APELIDOS E NOME OU RAZÓN SOCIAL	DOMICILIO	LOCALIDADE	MUNICIPIO	CP	C. AUTÓNOMA

DATOS IDENTIFICATIVOS DO PRODUTOR QUE REALIZA AS ENTREGAS

DNI/NIF	APELIDOS E NOME OU RAZÓN SOCIAL	DOMICILIO	LOCALIDADE	MUNICIPIO	C.P.

(*)

Litros entregados	Identificador nº contrato 1 ¹	TIPO PREZO ²
Litros entregados	Identificador nº contrato 2	TIPO PREZO

MEDIA MATERIA GRAXA ³ (% con dous decimais)	MEDIA PROTEÍNA ⁴ (% con dous decimais)	IMPORTE TOTAL ABOADO ⁵ (€ con dous decimais)

¹ Farase constar o número de contrato que asigne a base de datos de contratos cando se proceda ao seu rexistro.

² Fixo, variable, mixto.

³ Porcentaxe (%) de materia graxa: é a cantidade de materia graxa que forma parte da composición do leite, expresado en tanto por cento en peso, con dous decimais. Indicarase a media de materia graxa ponderada correspondente ao mes de que se trate segundo a información contida nos boletíns de análises oficiais.

⁴ Porcentaxe (%) proteína: expresa o contido de proteína do leite. Indicarase a media de proteína correspondente ao mes de que se trate segundo a información contida nos boletíns de análises oficiais. En todo caso, con dous decimais.

⁵ Importe aboado ao produtor: será a cantidade aboada ao produtor exclusivamente pola compra de leite, tendo en conta bonificacións e penalizacións por calidade ou outros conceptos e excluído o imposto sobre o valor engadido ou o imposto xeral indirecto canario.

(*) Só cubrir a información de dous contratos cando un deles remate antes do último día do mes.

ANEXO III

DECLARACIÓN MENSUAL DE COMPRADORES DE LEITE DE OVELLA

ANO	MES
-----	-----

DATOS IDENTIFICATIVOS DO COMPRADOR:

DNI/NIF	APELIDOS E NOME OU RAZÓN SOCIAL	DOMICILIO	LOCALIDADE	MUNICIPIO	CP	C. AUTÓNOMA

DATOS IDENTIFICATIVOS DO PRODUTOR QUE REALIZA AS ENTREGAS

DNI/NIF	APELIDOS E NOME OU RAZÓN SOCIAL	DOMICILIO	LOCALIDADE	MUNICIPIO	C.P.

(*)

Litros entregados (A)	Identificador nº contrato 1 ⁶	Tipo prezo ⁷
Litros entregados	Identificador nº contrato 2	Tipo prezo

Valor medio mensual do grao ⁸ (% con dous decimais)	Importe total aboado ⁹ (B) (€ con dous decimais)	Importe medio (€/L) ¹⁰ (B/A) (€ con dous decimais)	Euros/hectogrado ¹¹ (€ con dous decimais)

⁶ Farase constar o número de contrato que asigne a base de datos de contratos cando se proceda ao seu rexistro.

⁷ Fixo, variable, mixto.

⁸ Grao: punto porcentual de extracto seco queixeiro (ESQ) de graxa máis proteína, de cada litro de leite de ovella e cabra. Este valor pode ir referido en hectogrados, que é o valor porcentual en 100 litros de leite. Indicarase a media mensual ponderada das compras de leite correspondentes ao mes de que se trate contida nos boletíns de análises oficiais.

⁹ Importe total aboado ao produtor: será a cantidade aboada ao produtor exclusivamente pola compra de leite, tendo en conta bonificacións e penalizacións por calidade ou outros conceptos e excluindo o imposto sobre o valor engadido ou o imposto xeral indirecto canario.

¹⁰ O importe medio aboado en euros/litro será o resultado de dividir o importe total aboado entre a cantidade de litros entregados.

¹¹ Prezo por grao: prezo por cada punto porcentual de extracto seco queixeiro (ESQ), de graxa e proteína, referido a un litro de leite. Prezo por hectogrado: prezo por cada punto porcentual de extracto seco queixeiro (ESQ), de graxa e proteína, referido a 100 litros de leite.

(*) Só cubrir a información de dous contratos cando un deles remate antes do último día do mes.

ANEXO IV

DECLARACIÓN MENSUAL COMPRADORES LEITE DE CABRA

ANO	MES
-----	-----

DATOS IDENTIFICATIVOS DO COMPRADOR:

DNI/NIF	APELIDOS E NOME OU RAZÓN SOCIAL	DOMICILIO	LOCALIDADE	MUNICIPIO	CP	C. AUTÓNOMA

DATOS IDENTIFICATIVOS DO PRODUTOR QUE REALIZA AS ENTREGAS

DNI/NIF	APELIDOS E NOME OU RAZÓN SOCIAL	DOMICILIO	LOCALIDADE	MUNICIPIO	C.P.

(*)

Litros entregados (A)	Identificador nº contrato ¹²	Tipo prezo ¹³
Litros entregados	Identificador nº contrato 2	Tipo prezo

Valor medio mensual do grao ¹⁴ (%) (% con dous decimais)	Importe total aboado ¹⁵ (B) (€ con dous decimais)	Importe medio (€/L) ¹⁶ (B/A) (€ con dous decimais)	Euros/hectogrado ¹⁷ (€ con dous decimais)

¹² Farase constar o número de contrato que asigne a base de datos de contratos cando se proceda ao seu rexistro.

¹³ Fixo, variable ou mixto.

¹⁴ Grao: punto porcentual de extracto seco queixeiro (ESQ) de graxa máis proteína, de cada litro de leite de ovella e cabra. Este valor pode ir referido en hectogramos, que é o valor porcentual en 100 litros de leite. Indicarase a media mensual ponderada das compras de leite correspondentes ao mes de que se trate contida nos boletíns de análises oficiais.

¹⁵ Importe total aboado ao produtor: será a cantidade aboada ao produtor exclusivamente pola compra de leite, tendo en conta bonificacións e penalizacións por calidade ou outros conceptos e excluíndo o imposto sobre o valor engadido ou o imposto xeral indirecto canario.

¹⁶ O importe medio aboado en euros/litro será o resultado de dividir o importe total aboado entre a cantidade de litros entregados.

¹⁷ Prezo por grao: prezo por cada punto porcentual de extracto seco queixeiro (ESQ), de graxa e proteína, referido a un litro de leite. Prezo por hectogrado: prezo por cada punto porcentual de extracto seco queixeiro (ESQ), de graxa e proteína, referido a 100 litros de leite.

(*)Só cubrir a información de dous contratos cando un deles remate antes do último día do mes.

ANEXO V

FOLLA RESUMO DE VENDAS DIRECTAS

Declaración anual obrigatoria de leite comercializado polos produtores

ANO: TIPO DE LEITE: VACA OVELLA CABRA

IDENTIFICACIÓN DO PRODUTOR:

DNI/NIF	APELIDOS E NOME OU RAZÓN SOCIAL	DOMICILIO	LOCALIDADE	MUNICIPIO	C.P.
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO			

LITROS DE LEITE DESTINADOS Á VENDA DIRECTA

(Inclúese leite vendido directamente para o consumo e litros de leite transformados en produtos lácteos)

MESES	LITROS
XANEIRO	
FEBREIRO	
MARZO	
ABRIL	
MAIO	
XUÑO	
XULLO	
AGOSTO	
SETEMBRO	
OUTUBRO	
NOVEMBRO	
DECEMBRO	